

## 1. Noia. Nacemento

### NOIA

Campanas que tocares  
todas do mesmo xeito,  
unhas chegádesme á alma  
e outras ó pensamento.

Pobos donde eu vivín!  
Algúns eran máis feitos  
e queríanme enganar,  
mais eu nunca sentín  
neles o meu fogar.

O meu fogar téño en ti:  
no teu vivir e nas tres pontes  
e das campanas os toques,  
toques que eran pra mín.

Fóra de ti cando as oio,  
e sendo o mesmo tocar,  
recólloas no pensamento  
xa non pasan máis alá.

# Letras Galegas 2007

*María Mariño Carou*

## 2. Torres de Goián. O achegamento aos libros

### CRUCEIRO

Entre o cruceiro vou indo e del non  
me sei volver.

Somos terra de cruceiro,  
somos coroa esquecida,  
somos bágoa doutro peito

María Mariño. De Palabra no tempo. Ed. Celta. Lugo. 1963

3. A paisaxe do Courel.  
O marco que define o cadro

27

Baixa a aiga, baixa,  
tecendo voltas e máis voltas,  
facendo caracol sin casa.  
Avisa o galo,  
a pita nun berro longo fuxe.  
A chuvia fala,  
peneira o rego.  
Casiñas vellas fumean e din:  
“Delas son,  
delas son”.

#### 4. O oficio de labrego. Unha vida dura

A vida tradicional no campo, a comezos do século XX, cando nace María Mariño, era moi dura. O sistema agrario, baseado nun cultivo arcaico e extensivo das leiras, apenas producía o necesario para subsistir. De sol a sol, e con pouca axuda técnica, os labregos investían o seu esforzo en ocupacións moi fatigosas, como a carda de carros, as mallas e as estivadas. Mesas circunstancias, dende o máis vello ao máis pequeno, todos os membros da familia víanse obrigados a participar nas múltiples tarefas que, acotío, precisaba a pequena explotación agrícola que era a casa.

A situación agrávase máis no caso dos nenos que, cando podían acudir á escola, tiñan que seguir colaborando nos labores, especialmente no pastoreo e coidado do gando.

5. As lavandeiras.  
Voces no río

FURNA SON DE SAN PAIO

Furna son de San Paio

A ponte de San Paio  
veome nun vello cantar.  
Vía pombiñas nela,  
vía o río cabalgar  
por entre redondas pedras  
de espellado bon mirar.  
Tiña casiñas brancas  
cas tellas colorear.  
Foise o cantar en vello.  
A ponte en min a brilar...

## 6. Os polbeiros. Unión de mar e terra

O polbo poucas veces falla nas feiras, á parte de certos días do ano en que é prato de obriga nas festas “de pote”. Os polbeiros mercan o polbo seco que preparan os da costa: téñeno en sacos. Levan tamén a caldeira de cobre para o cocer e os pratos e garfos de madeira para o servir. Como complemento, figuran os trespés, as tesoiras e os ganchos, todo de ferro. Algúns levan tamén o aceite, o allo e o pemento para condimentalo, aínda que outros deixan que o consumidor merque estes produtos onde queira.

## 7. Gaiteiros. A outra poesía

Non hai, claro está, festa sen música. As ledas angueiras do noso agro contan con mozos que saben tocar a gaita ou a frauta e que se encargan de facelo, cando é preciso, nas festas e romaxes. É necesario que se toque moito e seguido, con instrumentos variados e acordes para que luza a festa. Os gaiteiros adoitan seren tres: gaita, caixa e bombo. Por veces, engaden outra gaita e, modernamente, outro instrumento que desentoa definitivamente: o cornetín.

Os gaiteiros (a caixa e o bombo) ensaian ao longo do ano na casa dun deles, cando os deixa libres o traballo.

## 8. Emigración. O sangue derramado

Arbre nũo e triste, con ollos de pinguada,  
nas miñas ondas entrabas.

Hoxe que xa saín á praia da soedã,  
Arbre aboia contento nas froriñas do seu mar.

Lévame nas ondas túas como flaira de enxendrar!  
Lévame como nacida, nacida na Primavera,  
-marea soia da Verdã!-

# Letras Galegas 2007

*Maria Marino Carou*

## 9. Faladoiros no Courel. Fuxindo do illamento

“revelación dunha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso tráxico do ser do tempo na serra”.

[...]

“poeta abisal, posuidora dunhas vivencias líricas en nivel máximo”.

Ramón Otero Pedrayo. Prólogo a *Palabra no tempo*. Ed. Celta. Lugo. 1963

Méndez Ferrín. Artigo publicado en *La Noche*. 1964

10. Palabra no tempo.  
Alma cristalizada

Ó muiño, hoxe, da laxe  
fáltalle auga e cantar ben.  
Laxe trocada en area.  
A ponte arcos non ten.  
Cegoume hoxe a mirada  
onde onte medrou o ter.  
Pombiñas alí non voan  
nin o sapo canta ben.  
O cuco é o que sabe...  
que o seu cantar vello é.

# Letras Galegas 2007

## María Mariño Carou

### Elexía previa a María Mariño

Quedou sin nome o cor escuro  
a chamada xorda o muricego i a silveira,  
os bichiños pequenos i a súa escura vida.  
A fala galega xa non se moverá en cen anos:  
as palabras seguirán ehí.  
A tua cara de elexía volta cara a vida.  
Ven a noite mesta de tanta perda e guíndase  
contra min.  
Estounte vendo ainda  
i escriboche esta elexía. Onde  
podería eu levar a forza contra o meu  
o golpe-inorde que ven que chega,  
deixando o teu corpo como unha voce.  
Pechara os ollos cun vento do revés zoando  
tódalas follas de costas na dirección do luito.  
Sombra mesta, grande mesta,  
Péchate co mundo i esconde todo para non ver.  
pra que esto non medre así.  
Parece que canto a miña morte.  
E verche sorrir dentro dun intre.  
Non sabes que logo te irás sin despedir.  
Baixa esa mao para pecharme o corazón.

# Letras Galegas 2007

*maría marino carou*

## Créditos

Colexio de Educación Especial "Santiago Apóstolo"  
As Xubias, 15 · 15006 A Coruña

## Xilografías

M<sup>a</sup> Jesús Amado Amado  
M<sup>a</sup> Victoria Amado Amado

## Textos

M<sup>a</sup> Dolores Orellán Valiño

## Colaboran

Dolores Aurora Suárez Paradela  
Elia Díaz Taboada  
Esther García González  
Miguel Ángel Peña Rodríguez  
M<sup>a</sup> Luz Barreiro Garea  
Patricia Rodríguez Bardanca  
Virginia Morán Núñez